

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 24 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

INSPIRACIÓN

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Denis Kozhukhin, piano

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel



PROGRAMA

I

SERGEI RACHMANINOV (1873-1943)

Concerto para piano núm. 3 op. 30 en re menor

Allegro ma non tanto

Intermezzo

Finale

II

SOFIA GUBAIDULINA (1931)

Fairytale Poem

DMITRI SHOSTAKOVICH (1906-1975)

Sinfonía núm 9 en Mi bemol maior, op. 70

Allegro

Moderato


Presto

Largo

Allegretto

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Paul Daniel

VIOLÍNS I

James Dahlgreen
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de
concertino)
Anca Smeu **
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Yulia
Petrushevskaya
Claudio Guridi
Ilya Fisher
Ildikó Oltai
Victoria Jurov
Ana Lasaoa ***
Celia Montañez ***
Ramón
Rodríguez-Peña ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Irina Gruia

Helena Sengelow
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Daniel Rodríguez ***
Juan Pablo
Calderón ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Anne
Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Fernando Fresno ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel
Robrecht
de Roeck ***
Iryna Mozorova ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)
Carlos Cascales ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino
Assunção (R)
Miguel Peñarroja ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Joan García ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llätser **
López ***

TROMBONS

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Hugo Portas (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Darío González (R)
Gonzalo Otero ***

PIANO

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

PAUL DANIEL DIRECTOR

É director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, ano no que tamén se converteu en director musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e, de 1987 a 1990, foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que

gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Angeles.

Os seus plans operísticos inclúen *Gloriana* para o Covent Garden, *Miss Fortune* de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilèges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Tokio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders para a Santa Fe Opera. Coa súa propia orquestra en Burdeos realizou interpretacións

2022

moi aclamadas de *Tristan e Isolde*, *Elektra* e *Die Walküre*. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera de Múnic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

Paul Daniel presidiu o xurado do 57º Concurso Internacional de Dirección de Orquestra de Besançon en setembro de 2021. As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Burdeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD. En febreiro de 1998, Paul Daniel recibiu un Premio Olivier polos seus destacados logros na ópera, e foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico na lista de honras do ano 2000.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

DENIS KOZHUKHIN PIANO

Gañador do Primeiro Premio do Concurso Raíña Elisabeth de Bruxelas, en 2010, Denis Kozhukhin consolidouse coma un dos mellores pianistas da súa xeración.

Kozhukhin colabora frecuentemente coas principais orquestras internacionais, como a Royal Concertgebouw Orchestra, a Sinfónica de Londres, a Staatskapelle de Berlín, a Filharmónica de Israel, a Sinfónica de Chicago, a Orquestra de Filadelfia, a Sinfónica de San Francisco, a Filharmónica de Rotterdam, a Filharmónica de Londres e a Orquestra Philharmonia, entre outras. Tamén é convidado regularmente a festivais como Verbier, Gstaadt, Grafenegg, Dresde, Festival de Música de Cámara de Xerusalén e BBC Proms.

Na temporada 21/22 destacou o seu regreso aos BBC Proms, interpretando o *Concerto para piano nº 2* de Rachmaninov coa BBC Symphony, realizou unha xira coa Philharmonia Orchestra en Finlandia, e apareceu coa Filharmónica de Israel, a Filharmónica de Oslo, a Real Filharmónica de Estocolmo,

a NDR Radiophilharmonie, a WDR Sinfonieorchester, a MDR Sinfonieorchester, a RTE National Symphony, a Orchestre Philharmonique Royal de Liexa, así como coa Sinfónica de Barcelona interpretando a integral dos catro *Concertos para piano* de Rachmaninov. Kozhukhin tamén actuou como solista no Chicago Symphony Hall, Boulez Saal, e realizou una xira en dúo con Jörg Widmann, Vilde Frang e Janine Jansen, actuando no Concertgebouw de Ámsterdam, Musikverein, Berlín Philharmonie, Frankfurt Alte Oper, Zurich Tonhalle e Bozar.

A presente temporada 22/23 inclúe colaboracións coa Orquestra Nacional de Dinamarca, a NDR Radiophilharmonie, a Sinfónica da Radio de Viena, a BBC Scottish Symphony, a Orquestra Gulbenkian, a Sinfónica Nacional de Bélxica, a Sinfónica de Indianápolis e a Filharmónica de Istambul, entre outras. En España destaca a súa aparición coa Orquestra da Academia Fundación Barenboim-Said, o seu debut coa Sinfónica

de Navarra e a xira coa HR-Sinfonieorchester interpretando o *concerto de Ravel en Sol Maior*, baixo a batuta de A. Altintoglu. Tamén actuará nos Festivais de Tsinandali e Schloss-Elmau, e ofrecerá recitais no Carnegie Hall, Cadogan Hall, De Singel, Megaron, Sociedade Filharmónica de Alacante e no Festival de Piano de Lille.

A súa gravación máis recente, das *Variacións Sinfónicas* de César Franck coa Orquestra Filharmónica de Luxemburgo baixo a dirección de Gustavo Gimeno, publicouse no 2020, uníndose aos discos anteriores das *Romanzas sen palabras* de Mendelssohn e as *Pezas líricas* de Grieg (nomeado para un premio Opus Klassik), e aos discos de Haydn, Brahms e Prokofiev, así como aos concertos de Chaikovsky, Grieg, Ravel e Gershwin.

Kozhukhin colabora cameristicamente con artistas como Janine Jansen, Jörg Widmann, Julian Rachlin, Vadim Repin, Leonidas Kavakos, Michael Barenboim, Vilde Frang, Renaud e Gautier Capuçon, Elena Bashkirova, Radovan Vlatkovic,

Emmanuel Pahud, Alisa Weilerstein, Nicolas Alstaedt, Julian Steckel, Pablo Ferrández e Alexandra Conunova, entre outros.

Kozhukhin estudou na Escola Superior de Música Raíña Sofía de Madrid con Dmitri Bashkirov e Claudio Martínez-Mehner, e posteriormente completou a súa formación na Academia de Piano do Lago Como con Fou Ts'ong, Stanislav Yudenitch, Peter Frankl, Boris Berman, Charles Rosen e Andreas Staier, e con Kirill Gerstein en Stuttgart. Nos últimos anos o seu mentor foi o mestre Daniel Barenboim.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Durante séculos, decenas de músicos europeos incluíron a corte dos tsares rusos nas súas xiras ou elixírona como destinos laborais permanentes; sen embargo, ata finais do século XIX, os compositores rusos eran case descoñecidos sendo Mikhail Glinka un dos primeiros que despuntou e, ademais, serviu de referencia para a vindeira e a xa afamada xeración: Rimski-Korsakov, Moussorgski, Chaikovski, etc. A partir dese momento, a antiga Unión Soviética converteríase paseniño nunha das primeiras potencias musicais do mundo a través de Scriabin, Medtner, Prokofiev, Stravinski, Kachaturian, Schnittke e un extenso catálogo que inclúe os autores programados hoxe. Sergei Rachmaninov, Dmitri Shostakovich e Sofia Gubaidulina quizais estean unidos pola súa necesidade de compoñer, o seu talento, a veracidade dunha música que comunica experiencias fundamentalmente sentidas e, aínda que os separen unhas poucas décadas, o xeito de escribir e as súas vivencias persoais no seu país.


Ao longo da historia, a música tivo que procurar camiños expresivos

alternativos, subterfuxios e eufemismos para evitar a censura e denunciar indirectamente contextos de opresión. A partir da segunda década do século XX, iso foi unha constante para dous dos compositores deste programa, vixiados e ameazados polo réxime soviético: Rachmaninov, quen abandonou o país en 1917 para non volver e Shostakovich que, como Prokofiev, incluíu nas súas obras a ironía, o sarcasmo e a sátira. Tamén tivo que sobrepoñerse Gubaidulina, sinalada pola relixiosidade que a inspiraba e polo desafío coas súas tendencias vangardistas cara aos avances dos modernistas occidentais. Ela, insurrecta, non cesou no seu empeño creador e mantívose libre e as súas primeiras creacións chamaron a atención de Shostakovich, quen tras estudar unha das sinfonías, díxolle: “Non teñas medo de ser ti mesma. Desexo que sigas o teu propio camiño equivocado”. En 1979, con Schnittke e Denisov, Gubaidulina forma un grupo cuxa música foi denunciada e prohibida, algo que podería ter marcado a fin da súa carreira, pero o seu concerto de violín *Offertorium* foi sacado,

subrepticamente, desde a URSS para que Gidon Kremer o estreara en Viena en 1981. En 1992, Gubaidulina instalouse en Alemaña onde segue compoñendo inspirada na literatura e a filosofía, explorando a relación do humano e o divino sobre antigos textos bíblicos, litúrxicos e poéticos de San Francisco de Asís, Rilke, TS Eliot, Marina Tsvetayeva ou Gennadi Aigi. *Fairytales Poem* (1971) é música composta para un programa de radio infantil sobre o conto de fadas *O anaco de xiz* do escritor checo Mazourek que tamén pode interpretarse sen texto como peza instrumental, tal e como se tocará neste concerto. A compositora intuía nesa historia “unha parábola sobre o destino dun artista” conectando o xiz e o papel do artista na sociedade. Gubaidulina explica que o xiz soña con debuxar cousas maravillosas mais só escribe palabras, números e xeometría no encerado escolar, reducíndose cada día, perdendo toda esperanza e sendo desbotada pola clase; acaba no peto dun rapaz debuxando os castelos e xardíns soñados no chan e sendo tan feliz que non é consciente de que se dissolve nese fermoso mundo. A forza do relato,

o dinámico tapiz sonoro, a especial linguaxe musical da compositora e a clara estruturación da obra permiten que calquera oínte, incluso as crianzas, encontren rapidamente un acceso intuitivo aos espazos sonoros da nova música.

Rachmaninov estudou con Arenski, este con Rimski-Korsakov e Taneyev, quen foi alumno de Chaikovski. Dese xeito, Rachmaninov estaba, cronoloxicamente, entre os compositores da “vella Rusia” e os soviéticos e, esteticamente, entre o nacionalismo de Rimski e o romanticismo académico de Chaikovski. O outono de 1909 marcou o comezo dos últimos anos do compositor no seu país coa viaxe a América para unha primeira xira de concertos como pianista e director. No verán, para eses concertos, compuxo unha nova obra, o *Terceiro Concerto* para piano que foi estreado, en novembro, pola Sinfónica de Nova York e Walter Damrosch, repetíndoo coa Sinfónica de Boston en Filadelfia, Baltimore, Nova York, Hartford, Bufalo e, coa Filharmónica de Nova York dirixida por Gustav Mahler. A peza inclúe as virtudes de Rachmaninov:



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


complexas texturas, extensos acordes, magníficas melodías, exuberantes sonoridades, trazos que a fan tremendamente esixente para os solistas. Un orixinal concerto que xorde, case totalmente, do tema inicial do primeiro movemente, unha das melodías máis desacougantes que Rachmaninov escribira nunca. Sobre cordas silenciadas e rumorosas, o piano expón unha melodía inequivocamente rusa que el mesmo explica "...non está tomado de formas de cancións populares nin de fontes eclesiásticas. Simplemente *escribiuse só* [...] soamente pensaba no son. Quería cantar a melodía no piano como o faría un cantante e encontrar un acompañamento orquestral adecuado, ou máis ben un que non amortecera este canto. Iso é todo", ese canto reaparecerá transformado ao longo do concerto. De seguido, cordas e despois madeiras presentan unha pequena marcha retomada polo piano que a transforma maxicamente nunha pasaxe de gran nivel. O invernall *Intermezzo* é introducido pola orquestra antes de que o piano irrompa e desenvolva as ideas da orquestra. Aos poucos, o tema xerminal do primeiro

movemento aparece no fondo, e o autor constrúe a sección central sobre un rápido ritmo de valse ata que o piano leva a música cara ao *Alla breve* final. O retorno do tempo pon fin á partitura cun impulso furioso e o piano tocando acordes nun *staccato* percusivo.

Stalin esperaba que Shostakovich compuxera unha novena sinfonía preta da célebre *Novena* de Beethoven co gallo da vitoria da Unión Soviética, xunto aos demais aliados, sobre Alemaña na Segunda Guerra Mundial. O compositor era unha personalidade destacada na música do país e esa obra pechaba a chamada Triloxía de Guerra que conformaban a Sinfonías núm. 7 e 8 e parecía que todo apuntaba a que marcarse un fito histórico. Sen embargo, Shostakovich aproveitou o momento para afastarse do poder político e reflexionar sobre a hipocrisía e lixeireza duns burócratas festexando con música o resultado dunha cruenta contenda. O resultado foi una obra sinxela composta con máis sarcasmo que épica, unha sinfonía de contornos clásicos cunha peza irónica, falsamente inxenua da que

o propio compositor dixo “Aos músicos encantaralles tocala e aos críticos esnaquizala”. Durante anos, a crítica soviética estivo dividida, uns definiron a sinfonía como lixeira e deliciosa, e outros opinaron que conformaba unha caprichosa diversión artística nun momento transcendental que requiría obras transcendentais. En 1948 o goberno, que suavizara o control das artes durante a guerra, volveu reprimir o “formalismo das elites” e a relevancia de autor converteuno nun branco propicio co argumento de “escribir música contra contraria ao espírito do pobo soviético”. Foi colocado na lista negra de compositores prohibindo moitas das súas obras e aínda que Stalin levantou esa prohibición en pouco tempo, a música de Shostakovich non volveu ser a mesma ata despois da morte do gobernante en 1953. A *Novena* é recoñecida como a sinfonía clásica do compositor pola súa brevidade, forma e carácter camerístico, influenciada por Haydn e Mozart, sobre todo, no primeiro movemento e por Mahler, nos demais. O *Allegro* inicial segue a forma de sonata ata a repetición da exposición (o que só sucede

nesta sinfonía); ofrece enerxía e ousadía cunha repetida pasaxe do trombón que anuncia e interrompe a declaración do frautín sobre o segundo tema. O *Moderato* é máis sombrío, melancólico case trágico; o tema que introduce o clarinete podería ser un valse lento. Os tres últimos movementos interprétanse sen pausa. O *Scherzo* asoma fugaz, vólvese completamente diabólico cando aparecen os metais, mais perde pulo e comeza a esmorecer en favor dun Largo -un dos poucos momentos serios da partitura que se pode interpretar como unha marabillosa e trágica conversa entre o home e as máquinas, algo que casa co ocorrido na Segunda Guerra Mundial- que consiste en dous ameazadores pronunciamentos de trombóns e tuba, seguidos por un conmovedor só de fagot. Outro só convértese no alegre tema principal do *Final*, que ás veces pode parecer unha danza e outras, unha marcha.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 1 decembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

DIVERTIMENTO

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Rubén Gimeno, director

Birgit Kolar, violín

- Béla Bartók: Divertimento para cordas, BB 118
- Ludwig van Beethoven: Concerto para violín en Re maior, op. 61

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Rubén Gimeno

Xoves 15 decembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SERENATAS

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- Antonín Dvořák: Serenata en re menor, op. 44, B. 77
- Richard Strauss: Serenata para ventos en Mi bemol maior, op. 7
- Piotr Ilyich Chaikovski: Serenata en Do maior, op. 48, TH 48

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel



C
Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal


RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura


@rfgalicia
@CCultura


@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura


CONSORCIO DE
SANTIAGO


GOBIERNO
DE ESPAÑA


CONCEJO DE
SANTIAGO


XUNTA
DE GALICIA


AUDITORIO DE GALICIA


Deputación
DA CORUÑA